



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:

JGL/2019/18

Órgano colexiado:

A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria

Extraordinaria
Motivo: «Aprobación de facturas pendentes»

Data

10 de xuño de 2019

Duración

Desde as 10:55 ata as 11:05 horas

Lugar

Alcaldía

Presidida por

Regina Polín Rodríguez

Secretario

Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
	Carlos Plácido Buján López	SÍ
	José Manuel Saa Devesa	NON
	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
	Pedro Pérez Fanego	SÍ
	Regina Polín Rodríguez	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

- José Manuel Saa Devesa:
«Ausencia xustificada»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Regina Polín Rodríguez (1 para 2)
Alcaldesa de Guitiriz
Data de Sinatura: 10/06/2019
HASH: ed4c533f2534ac6a671ebb0ca6555a9

Rafael José del Barrio Berbel (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 10/06/2019
HASH: 1c52a84b8a37ab6c22559befedc1ff01

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS2929F64LLDP5QRW4RPP6R | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Guitiriz

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 495/2019. Organización e Disposicións Comúns de Control Interno

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

PROCEDIMIENTO: APROBACION CERTIFICACIÓN OBRAS E FACTURAS
SERVIZOS SOCIAIS (RECOÑECEMENTO OBRIGAS E PAGO).

Vistas as facturas que se detallan de seguido, que tiveron entrada a través da
plataforma de facturación electrónica FACE:

Código Relación: 187		Descripción: FACTURA PARQUE INFANTIL SETE MUIÑOS					
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe I.V.A Dctos.
2897	27/05/2019	2019/A/2019132	27/05/2019	B60961554	LAPPSET ESPAÑA VR SL		61.874,560,00 0,00
Concepto:		ACONDICIONAMIENTO Y MEJORA DEL PARQUE INFANTIL "SE E MUIÑOS" EN GUITIRIZEXPTE. NÚM. 1563/2018		Operación: DO		Imp. Líquido: 61.874,56	
		Partidas Presupuestarias		45 61900 OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURA		61.874,56	
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 61.874,56		I.V.A: 0,00		Dctos: 0,00 Imp. Líquido: 61.874,56	

Código Relación: 189		Descripción: REL. FRAS. REX. OBRAS E SERVIZOS SOCIAIS. XGL					
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe I.V.A Dctos.
2175	01/04/2019	139	31/03/2019	B70028832	SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME, S.L.		10.787,940,00 0,00
Concepto:		Horas saf privado marzo 2019		Operación: ADO		Imp. Líquido: 10.787,94	
		Partidas Presupuestarias		23122799 OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR		10.787,94	
2585	02/05/2019	173	30/04/2019	B70028832	SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME, S.L.		10.520,620,00 0,00
Concepto:		Horas saf privado Abril		Operación: ADO		Imp. Líquido: 10.520,62	
		Partidas Presupuestarias		23122799 OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR		10.520,62	
2916	31/05/2019	62	31/05/2019	B27028810	CHOLO, S.L.		39.899,940,00 0,00
Concepto:		CERTIFICACION N 1 E UNICA DA OBRA: "BACHEO DE ESTR DAS MUNICIPAIS DAS PARROQUIAS DE O BURIZ, TRASPARG		Operación: O		Imp. Líquido: 39.899,94	
		Partidas Presupuestarias					

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS2929F64GLLDP6CJRV4RFRSR | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Guitiriz

			45021000	REPARACIONES, MANTENIMIENTO, CONSERVACIÓN INFRAES		39.899,94
2936	03/06/ 2019	125	03/0 6/20 19	B27121961S CARBALLEIRA S.L.	10.158,340,00	0,00
Concepto: OBRA: "BACHEO E REXENERACION DE CAMIÑO DE ACCESO O LUGAR DE ABELEIRA NA PARROQUIA DE O BURIZ"						
					Operación : O	Imp. Líquido: 10.158,34
<u>Partidas Presupuestarias</u>						
			45021000	REPARACIONES, MANTENIMIENTO, CONSERVACIÓN INFRAES		10.158,34
Total Relación...	Imp. Presupuesto:		I.V.A: 0,00 Dctos: 0,00		Imp. Líquido: 71.366,84	
	71.366,84					

Vista a fiscalización de conformidade da intervención municipal. Informe de data 07/06/2019

Vistas as certificacións das obras, actas de recepción e demais documentación dos expedientes correspondentes.

Tendo en conta o establecido nos apartados 4 e 5 da parte relativa aos "Extremos de xeral comprobación" do Anexo ao acordo do Pleno da Corporación do 05/04/2018, esta Alcaldía formula discrepancia con respecto á intervención municipal polos motivos que se indican de seguido:

1) Consta expediente 1151/2018 con asunto: "Próblemática na área de dependencia e libre concorrencia" cunha serie de informes que reflexan a situación actual na que se atopa este servizo:


Informe SAF. Destacando o seguinte: "...A lista do PAR-SAF de Guitiriz conta na actualidade con 61 persoas , das que 9 teñen valorada unha dependencia de grao III (correspóndenlles 70 h/mes de servizo), 8 de grao II (correspóndenlles 45 h/mes de servizo) e 44 de grao I (correspóndenlles 20 horas/mes de servizo). Tendo en conta que na lista hai tres persoas que xa contan co servizo pero están en espera de incremento de horas por pasar de grao II a grao III; calculamos que se necesitan 14 auxiliares de SAF para poder prestar as 1735 horas de servizo correspondentes a esta 61 persoas..... Na actualidade o concello de Guitiriz ten asignadas 4363 horas/mes de SAF, estánse prestando 2388 h/mes, polo que temos dispoñibles para asignar 1975 h/mes, suficientes para dar de alta a esas 61 persoas en situación de dependencia que levan anos esperando polo servizo, coa sobrecarga que esto supón para as familias e as consecuencia para as propias persoas pola falta da atención necesaria. Recordemos que é un servizo público esencial no que se prestan coidados básicos a persoas en situación de dependencia. Ademais ó non prestar o servizo correctamente estamos incumprindo as obrigas coa Consellería de Política Social que nos financia este servizo (artigo 54 do Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento). A situación actual do SAF no concello de Guitiriz é a que segue: 1º.- Que na actualidade o Servizo de Axuda no Fogar do Concello conta con 83 usuarios, dos cales 51 son persoas con dependencia valorada e 32 de libre concorrencia. 2º.- Que para atender este servizo o Concello conta con 26 auxiliares, das que dúas están con redución de xornada por coidados de fillo menor de 12 anos e unha a media xornada. 3º.- Que na actualidade hai 8 auxiliares en situación de Incapacidade Laboral Transitoria, das que 4 posiblemente sexan baixas de moi longa duración. Para cubrir estas baixas hai contratadas 4 persoas. 4º.- Que actualmente hai 10 auxiliares ás que lles

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS2929F64GLDP5CJR4RPRSR | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Guitiriz

falta por coller unha quincena de vacacións. 5º.- Que hai 30 persoas solicitantes de SAF libre concorrencia das cales 5 teñen proposta de denegación, 2 son usuarias de centro de día e 5 están na lista do PAR-SAF, polo que quedarían 18, das que 2 son de urxencia."

Informe Concellería Benestar Social. Destaca o seguinte: " Na actualidade o Concello conta con 26 auxiliares de xestión directa das cales 8 presentan incapacidade temporal, varias delas con doenzas a longo prazo. E unha media de dúas necesítanse para cubrir vacacións. Co cal o número de auxiliares efectivas redúcese a 16 para dotar de cobertura a preto de 100 usuarios que son alta no servizo. A esta situación hai que engadir o tempo de desprazamento de cada auxiliar xa que a extensión do Concello é de case 300 km², nas 18 parroquias que o constituén e a lista de espera é de 61 personas con diferentes grados de dependencia, agardando atención. Neste senso, dicir que aínda que non constan queixas nin denuncias por escrito, son moitas as personas e familiares que acuden e chaman a servizos sociais e reinciden verbalmente na concesión dos seus dereitos. Isto repercute tamén, no personal da área que tramita os expedientes, sabedoras de que despois dun longo proceso para que se lle conceda unha dependencia a alguén, non se fará efectiva. Personas con necesidades inminentes nas que se deshumaniza a súa necesidade quedando reducida a un expediente máis, gardado nun caixón. No 2017-18, non se atopa personal na bolsa do Concello para traballar e coas novas dificultades da entrada en vigor da Ley de contratatos do 9 de marzo do 2018 e a ley de presupuestos xenerales do Estado que limita aínda máis ás posibilidades de contratación mediante xestión directa, iniciase un contrato menor cunha empresa que resulta insuficiente. Posteriormente intenta externalizarse o servizo mediante un contrato maior e queda vacante o concurso xa que ningunha empresa se presenta. Ao parecer as empresas satúranse por mor de que en todos os Concellos se atopan en situacións semellantes...CONSECUENCIAS DA SITUACIÓN ACTUAL. A existencia de recursos materiais para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, en adiante SAF, está a ser un tema que xenera certa incongruencia, xa que por unha banda, a prestación do servizo neste concello posúe demanda xustificada, orzamento para dar cobertura a usuarios de libre concorrencia e horas subvencionadas pola Xunta para os casos de dependencia. E por outra, a prestación do servizo se ve limitado pola dificultade para contratar máis personal. Isto repercute no día a día de xeito significativo, producindo moitas consecuencias perxudiciais e difíciles de solventar.

Informe Educación Familiar. Destacando:

" É evidente, que os/as educadoras familiares precisamos do apoio do SAF para levar a cabo as intervencións e seguementos debido á continuidade e intensidade das mesmas. Contar con profesionais formados, con sensibilidade para o mesmo e colaboradoras é fundamental. Ademais o propio Regulamento visado pola Admón Autonómica así o reflexa no seu artigo 5 onde fai referencia as/os destinatarios dos servizo:

"Persoas con discapacidade Fogares con menores onde se observe a necesidade de intervención Familias en risco de desestructuración

Cando exista unha desatención familiar"

En canto aos dereitos dos usuarios " a non discriminación e a ser

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz, 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS29F64LLDP5CJR4R2SR | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Guitiriz

tratados en condicións de igualdade".

Actualmente no servizo de Educación e Apoio familiar non podemos contar co servizo de axuda no fogar como apoio debido ás condicións nas que se atopa. Estase a tratar dun MALTRATO INSTITUCIONAL onde claramente se antepón as necesidades burocráticas e da Admón ás necesidades das persoas, e sobre todo, dos nenos, nenas e outras persoas en grave risco de exclusión social e illamento.

URXE unha solución rápida e eficaz na que os programas de Educación e Apoio Familiar poidamos contar cun número de horas dispoñibles e accesibles para este tipo de situacións".

Escrito Xunta de Galicia de incremento de horas. Tras a reunión na Xunta de Galicia, na Consellería de política social para exponer a problemática existente, recibese escrito donde se aumenta o número de horas en 9.408 o ano, acadando un total de 52.356 horas e garantindo por parte da xunta o financiamento das horas efectivamente utilizadas.

2) Ante esta situación a alcaldía vese na obriga de buscar unha solución de emerxencia para poder dar un servizo preciso e urxente as persoas que teñen recoñecida a dependencia e as outras que sofren situación de necesidade puntual ou definitiva por agravamentos na súa saúde. As facturas de referencia da prestación de este servizo, atópanse conformadas pola Traballadora Social mediante dilixencia facendo constar que o servizo reflexado na factura foi realizado e prestado efectivamente polos emisores das mesmas, e o destino das mesmas correspóndense co expresado na factura/relación, prestando conformidade con cantidades e prezos.

3) A día de hoxe tramitouse un expediente (Exp. 1251/2018) para a contratación laboral temporal de 7 auxiliares de axuda no fogar e creación de bolsa de emprego temporal para tratar de solventar parte do problema das cales xa se contrataron seis auxiliares no mes de xaneiro e iniciouse outro expediente para constitución da bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar anos 2019-2022 (Exp.: 52/2019) no que se aprobou a Bolsa de Emprego por decreto 2019-0331 de data 23/04/2019 procedendo a contratar auxiliares de dita bolsa no mes de maio e xuño, e con previsiónh de seguir contratando persoal pero dado as dificultades do servizo e o período de adaptación que se precisa resulta complexo contratar o mesmo tempo todo o persoal preciso a día de hoxe, co cal se irá contratando a curto prazo ata prescindir do servizo da empresa Servizos Sociais Virxe do Carme.

Vistos o artigo 21.1.f) de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril,

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como a delegación de competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local a través das Resolucións da Alcaldía do 26/06/2016 e 20/04/2016,

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS29F64GLDP50JRV4RPSR | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



Concello de Guitiriz

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Resolver a discrepancia entre esta Alcaldía e a Intervención municipal conforme aos argumentos expostos anteriormente.

SEGUNDO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas enriba indicadas e ordenar o pago das mesmas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente Acordo ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Expediente 492/2019. Organización e Disposicións Comúns de Control Interno

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to



Con os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Facturas incluídas nas relacións de facturas con números 168/2019 que se detallan de seguido, que tiveron entrada a través do Rexistro Xeral do Concello e a través da plataforma de facturación electrónica FACE:

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
2862	20/05/2019	2	11/04/2019B	33302700	MARIA CARMEN RODRIGUEZ GONZALEZ		10.203,96	0,00	0,00
Concepto: COMIDA DE LOS MAYORES 11.04.2019						Operación :	Imp. Líquido: 10.203,96		
Partidas Presupuestarias									
				338 22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR				10.203,96
Total Relación...	Imp. Presupuesto:		I.V.A: 0,00		Dctos: 0,00		Imp. Líquido: 10.203,96		

- Fiscalización da intervención municipal, en base ao Acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión celebrada o 05/04/2018 mediante o que se aproba o establecemento dun sistema de fiscalización previa limitada de requisitos básicos.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.


Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1.f) de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 61.1.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS29239-64-GLLP-5CJR/W4RFSR | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7



Concello de Guitiriz

20 de abril.

Tendo en conta o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolucións da Alcaldía do 26/06/2016 e do 20/04/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas enriba indicadas e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Comunicar a presente Resolución ao Departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar conta da mesma na seguinte sesión plenaria ordinaria.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0018 Data: 10/06/2019



Cod. Validación: ANS2829F6GLLD5F5QJRW4RPSR | Corrección: <http://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

